

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

D.D^a

Pola presente publicase o literal do Decreto N° 285/2021 de data 18/05/2021 no que se convoca a sesión Extraordinaria do Pleno do Concello de data 21/05/2021

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

EXPEDIENTE N° 2021/G010/000006

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
21/05/2021

EXPEDIENTE N° 2021/G003/000307

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 18/05/2021, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á **Sesión Extraordinaria** que terá lugar de **xeito telemático**, o próximo **venres 21/05/2021 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

ÚNICO.- APROBACIÓN DO MANIFESTO DA COMISIÓN LETRAS GALEGAS PARA RAMIRO FONTE.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaría Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por



lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe, polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Marta Cajide Barbeito. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).